


# Campamento de verán


PASO  
PASO





Dende Paso a Paso propoñemos un campamento no que os nenos e nenas poidan medrar coa natureza como compañeira de xogos, nun espazo natural que brinda a oportunidade de experimentar outra maneira de estar no mundo, aprendendo valores para a convivencia, o respecto polo medio ambiente e o desenvolvemento das capacidades de cada un.

Os nenos e nenas de entre 4 e 12 anos participarán en actividades de inmersión lingüística en inglés, onde traballaremos cun enfoque lúdico e afastado da metodoloxía propia das aulas e os libros de texto buscando a mellora da expresión e comprensión oral.



## ¿COMO TRABALLAMOS?

Traballamos para xerar felicidade, confiamos na capacidade dos nenos e nenas para establecer relacións interpersoais baseadas no respecto polos demais. Poñemos todo de nós para que os rapaces que participan nos campamentos leven consigo o recordo dunha aventura inesquecible e amizades que os acompañarán durante toda a vida.


Confiamos no poder que unha aventura na natureza ten para animar o crecemento persoal, a confianza en un mesmo e o amor polo medio natural.

A integración de todos e todas é unha prioridade. Nos nosos campamentos ninguén se vai sentir estraño, todas as nosas dinámicas están encamiñadas a crear un clima de confianza e respecto onde todos teñan espazo para expresarse libremente.

Somos un equipo multidisciplinar con paixón polo tempo libre, temos moita experiencia traballando coa infancia. Dentro do noso equipo hai monitores de tempo libre, pedagogas, mestres e monitores deportivos, traballando para acadar que todos e cada un dos rapaces e rapazas que participan na actividade teñan unha experiencia inesquecible.

## ¿QUE FAREMOS?


Inglés, slackline, tiro con arco, fútbol, béisbol, voleibol, bádminton, brilé, sendeirismo, obradoiros de granxa e horta, actividades acuáticas, obradoiros de expresión artística, orientación cartográfica, obradoiros de manualidades, obradoiros de desenvolvemento cognitivo, obradoiros de convivencia, piscina natural\* (novidade) e moito máis...



## ¿ONDE ESTÁMOS?

<https://goo.gl/maps/MyBHQsxWTRP2>

No Pazo do Pombal semella que o tempo se detivo fai 100 anos. Nunha contorna natural, a apenas 5 quilómetros da cidade de Lugo, poderemos pasear polo bosque, coidar os animais da granxa, coñecer as labores propias do rural, xogar nas praderías ou bañarnos nun fermoso recuncho do río Vilamoure.



27004, O Pombal, Lugo 42.942723, -7.537332

## TARIFAS

Semanais	
Jornada Completa (09h-18h) .....	119€
Só mañás con comida .....	89€
Só mañás sen comida .....	59€

“Para días soltos consultar prezo”

Do 26 de Xuño ao 14 de Setembro.

Servizo de transporte de ida e volta opcional.

Novos menús moito máis sanos e ricos.

## DESCONTOS

15% o apuntarse máis dunha semana  
20% por un irmán ou máis.

## CONTACTO

### INFO E RESERVAS

982 062 062

661 766 945

[www.pasoapasoformacion.com](http://www.pasoapasoformacion.com)



PASO  
PASO<sup>2</sup>

2018